

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane. Colección: Colección: Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane
Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Isaac Díaz Pardo do 02/03/1979

Colección:

Data: 02/03/1979

De:

Luís Seoane;

Para:

Isaac Díaz Pardo;

Orixe:

A Coruña (municipal), A Coruña (comarcal), A Coruña (provincial)

Destino:

O Castro [parr. Osedo, conc. Sada] (local), Osedo (parroquial), Sada (municipal)

Temáticas:

Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane. ; A nova Sargadelos; Artes; Artes visuais; Asuntos particulares; Construtivismo; Espazos artísticos; Futurismo; Vangarda rusa [arte moderna];

Mencionados:

Manuel Abril; Castelao; Rafael Dieste; Ángel Ferrant; Gabriel García Maroto; Domingo García-Sabell; Francesc Miralles; Herbert Read; Augusto Schmidt;

Notas do editor:

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Isaac Díaz Pardo do 02/03/1979

A Coruña, 2 de Marzal de 1979

Sr. D. Isaac Díaz Pardo
Sargadelos

Meu querido amigo:

Fai algúns anos o escritor e crítico Francisco de Miralles, escribiu nun artigo encol dos museos: “Polo momento non existe unha política museística. Non se plantexou aínda o uso dos museos”. “Constitúen, esto si, fontes de coñecemento histórico”. Referíase a España. Nos museos de outros países de Europa veñen, dende fai tempo, servindo a unha política educativa, constituíndo verdadeiros centros docentes a cuio fronte téñense xentes non sómente especializadas, senón con unha

gran experiencia nesas custións. Non se trata soio da obra arquitectónica útil que se poda facer pra eles, con todo o que esixe un museo do noso tempo, senón do xeito en que o museo sirva á colectividade. Para elo, precisamos no primeiro tomo de L[aboratorio de] F[ormas] un plan de traballo educativo que parece non ter sido leído por cuasi ninguén, dándolle a razón a García Sabell en “O desdén pola lectura”, que tan axeitadamente escribiu fai uns dous meses. No traballo noso establecíase que o Museo de Arte Carlos Maside, fundábase co oxetito de espallar, ilustrándoa, a intención dunha xeneración de artistas que reeron nas posibilidades dun arte galego, non somente caracterizándose por unha temática propia galega, senón polos aspectos formais da obra de arte no noso tempo. Dende o punto de vista didáctico atendíase a mostrar neste pequeno museo a obra dos artistas galegos a partir do ano trinta, é dicir, de aqueles que, pra nos, foron os primeiros innovadores, facendo a súa obra con concencia moi clara encol das posibilidades dun arte diferencial galego e tendo en conta o carácter precursor dun artista anterior, Castelao. Ningún outro. Eu fun o autor dese proieto feito de acordo con Díaz Pardo que pra ese mesmo número de L.F. fixo o proieto adicado a Sargadelos. Mais, así como Sargadelos fundouse plasmándose a súa realización con arreglo ás ideas de Díaz Pardo, a concepción do Museo, miña, como meu foi o maior aporte de obras, arredor de 140, da miña propiedade, reunidas en moitos anos, ou que merquei espresamente, ou obras propias feitas por min, ou que conquerín de amigos de moitos anos, aos que recabei o seu apoio, e que, xustamente polo seu aporte débense considerar, como a Isaac Díaz Pardo ou como a min, tamén sus fudadores. Como antecedente das que denominamos funcións estáticas e dinámicas do Museo de Arte Carlos Maside, que influíron en xeral no meu traballo, débense ter en conta, o Tren de Arte que montaron os constructivistas, futuristas e abstractos rusos na época da súa revolución, os plans que deixaron escritos pra Escolas de Arte, esposicións, etc., Anxel Ferrant, Gabriel García Maroto e Manuel Abril, na década do vinte; Herbert Read e Schmidt de mais tarde, Director do Museo de Basilea, etc., e a experiencia transmitida oralmente no meu caso por Rafael Dieste, polos misioneiros pedagóxicos de España, fundadores de un Museo rodante con copias de obras do Museo do Prado, pronunciando conferencias sabor delas polos pobos españoles. Mais teño que deixar aclarado que, do Museo de Arte Carlos Maside non fun nunca o seu director, senón un dos seus fundadores, si queredes, e facedes caso de Díaz Pardo que o publicou nun artigo, o seu fundador, posto que foi un soño da miña vida, do que falei e escribín moito; e doutros soños que tiñan que ver con diversos ensinios sinxelos pra o pobo e que deberon terse cumprido ao meu ver, a traveso do Laboratorio de Formas, logo de feitas a fábrica de Sargadelos e de estar en camiño de se facer o museo. Non poido ser. Cumprido en parte o soño do museo, soio en parte, a consideración deste e do que non se fixo, é xa un problema persoal, de incapacidade si queredes miña. Xa non discuto mais e retírome de calquer actividade que non teña que ver con que habitualmente fago, grabar ou pintar. Na miña resolución non hai acritudes, nin renuncia ás miñas vellas ideas galeguistas e non me arrepiño do seu pasado, do que estou, polo contrario, orgulloso, fixeno todo cecais mal, mais con dinidade. Desexo de non contribuir a mais discusións sobor actitudes inconsultas, personais, etc. Xa non teño mais nada que dicir. Mais ben penso que fica todo dito e que nada afecta á amizade, como se pode deducir da carta que lle remitín a Díaz Pardo o 19 de Febreiro deste ano, e que foi contestada o 25 dese mesmo mes. Teño que engadir, con respecto á carta miña, rectificome en canto ao referente á renuncia ás accións de mi pertencencia de Cerámicas de Sargadelos. Continúan sendo miñas, mais, os beneficios que produzcan estarán adicados a premiar cada dous anos ao pintor, grabador, ou escultor, en calquera dos seus xéneros, que, logo de ter traballado dez anos consecutivos no seu arte tivese

probado a sua calidade na totalidade da obra feita, a xucio dun xurado que nomee o Patronato do Museo de Arte Carlos Maside, e, a cuio xurado, ten de pertencen un membro do Patronato. Non tendo o candidato menos de trinta anos de idade. Terá tamén de ser nado en Galicia, ou fillo de emigrantes galegos, ou simplemente de galegos. O beneficiado co premio deberá deixar unha obra ao Museo de Arte Carlos Maside.

Vivindo do meu traballo, esto é do pouco que podo facer, na miña situación, por Galicia.

Esto é todo. Remito fotocopia, perdoádeme, desta carta a cada un dos membros do Patronato.

Recibe unha grande aperta de

Seoane

Colabora



Agradecementos

Familia Isaac Díaz Pardo

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.